



nota de prensa

Veciñanza chama a acudir á manifestación en defensa da Sanidade Pública

Cuntis foi exemplo de mobilización hai só dous meses en defensa do servizo de pediatría na nosa vila. Agora Veciñanza anima aos veciños e veciñas de Cuntis a sumarse á gran mobilización nacional que terá lugar este domingo en Compostela.

Cuntis. 08 de febreiro de 2019

Veciñanza fai un chamamento a asistir á manifestación en defensa da Sanidade Pública este domingo día 10 en Compostela.

O día 5 de decembro Cuntis saía á rúa para esixir a reposición inmediata do servizo de pediatría. Era a culminación de catro semanas de protestas na rúa fronte aos anuncios da Xunta de tratar de repoñer esa praza no mes de maio. A mobilización en defensa do servizo de pediatría conseguiu que aos poucos días se restablecera o servizo compartido entre os centros de saúde de Cuntis e de Moraña. Naquela altura, prendían por todo o País mobilizacións semellantes. Todas no marco de contestación tanto da sociedade como dos/das profesionais fronte ao progresivo deterioro das condicións asistenciais da Sanidade Pública Galega, froito dunha xestión incendiaria por parte da Xunta de Galicia.

Deterioro da atención primaria, sobrecarga asistencial, caos nas plantas hospitalarias, colapso nas urxencias, externalización (privatización) da maioría de servizos públicos do SERGAS, folga indefinida nos PACs por falta de medios e persoal, conflitos laborais no sector das ambulancias, etc. A xestión da sanidade pública converteuse nun caos absoluto e ten producido xa consecuencias fatais. O Partido Popular despreza no Parlamento a todo/a aquel/a que ousa cuestionar o seu relato, malia que sexan os propios datos os que demostren que non é real.

Cuntis foi exemplo de mobilización hai só dous meses en defensa do servizo de pediatría na nosa vila. Agora Veciñanza anima aos veciños e veciñas de Cuntis a sumarse á gran mobilización nacional que terá lugar este domingo en Compostela (12:00 h dende a Alameda), contra os recortes e en defensa da Sanidade Pública.

En palabras do voceiro municipal de Veciñanza, Santi Martínez, *“mentres a dereita do odio e do extremismo agochará en Madrid as súas miserias detrás de grandes bandeiras, contra o diálogo e en prol da crispación e a división, en Galicia sairemos á rúa en defensa das nosas condicións de vida e fronte a aqueles que nos precarizan o futuro”*.